

**CONCELLO
DE VIGO**



***A NOITE BRANCA
DA REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS***

VENRES, 13 DE AGOSTO DE 2021

DE 20:00 A 01:00 HORAS



INTRODUCCIÓN

A Noite Branca é un proxecto ilusionante, que desenvolvemos no Concello de Vigo, para desfrutar e mostrar os museos e centros culturais da cidade, nunha xornada singular na que as coleccións e as exposicións revístense de extensións musicais e outras actividades para mellor saborear o noso patrimonio.

Esta edición de 2021 ten que adaptarse de novo á nova normalidade e polo tanto o goce da cultura non pode ter a dimensión extensiva doutras edicións pasadas; aínda así, pensamos que esta idea de “noite branca” había que mantela, non deixala pasar, para conservar a súa intención inicial á espera dunha nova ocasión ben ampla, na que tamén recuperemos a presenza de todos os centros que non van poder estar e que xa eran habituais.

A iniciativa contén a súa filosofía de gratuidade, sustentabilidade e participación e seguimos convidando ao público de todas as idades a participar nesta experiencia enriquecedora.

Esta Noite Branca, vai caracterizarse pola distancia interpersoal e polas medidas de prevención da Covid19, pero ten que ser tamén unha edición da esperanza e dos mellores sentimentos persoais.

MEDIDAS DE PREVENCIÓN DE CONTAXIO DA COVID-19

Nas actividades da Noite Branca 2021, serán de aplicación todas as normativas das autoridades sanitarias sobre prevención do contaxio da Covid19 e particularmente as seguintes:

- Só se permitirá o acceso e a permanencia nas salas de exposicións ata completar a capacidade máxima do local.
- A capacidade máxima das salas estará exposta no acceso e non poderá ser superada en ningún momento.
- Será obrigatorio o uso de máscara na sala de exposicións e no interior dos edificios, de forma permanente, dende o momento da entrada.
- Manterase en todo momento a distancia de seguridade interpersoal de alomenos 1,5 m e estableceranse informacións sobre os sentidos de circulación nas salas e nos edificios.
- As persoas asistentes á actividade utilizarán as solucións hidroalcohólicas dispoñibles nos accesos.
- Non se facilitará ao público ningún tipo de información en soporte papel; as informacións sobre as actividades estarán dispoñible nas salas a través de códigos QR.
- No caso dos concertos musicais, aplicaranse tamén estas medidas, tales como obrigatoriedade de uso de máscara, aforos reducidos e sempre con cadeiras, solucións hidroalcohólicas dispoñibles nos recintos de actuación, control de accesos nas entradas e saídas dos espazos habilitados para o público...



INFORMACIÓN E RESERVAS

010 SERVIZO DE ATENCIÓN CIDADÁ

Horario de servizo: Luns a venres de 8:00 a 20:00 h

Sábados de 10:00 a 14:00 h

Forma de contacto: Dende Vigo marcando 010.

Fóra de Vigo e dende móbiles 986 810260

Fax 986-810263

Correo electrónico: 010@vigo.org

www.vigo.org

Inscripcións para as visitas aos xacementos arqueolóxicos

SERVIZO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO RMM

Compre reserva previa para os pases da performance na Casa das Artes e para os obradoiros do programa “Verbum creativo”.

As reservas realizaranse entre o martes 10 e o propio venres 13 de agosto, mentres haxa dispoñibilidade, segundo o seguinte:

De luns a venres de 10:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00 h

Tfnos: 986- 240130 ou 619 948 920; mail: reservas.aprmvigo@gmail.com



PROGRAMACIÓN POR CENTROS

PAZO-MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LEÓN”

Parque de Castrelos

* PAZO-MUSEO. VISITAS

Horario de apertura: de 20:00 ata a 01:00 h. Visita libre ata completar aforo.

* EXPOSICIÓNS:

* **COLECCIÓN ARQUEOLÓXICA.**

* **RECREACIÓN do pazo galego e colección de pintura antiga e artes decorativas.**

* Visitas guiadas ao Xardín Histórico do Pazo-Museo

20:00 h, inicio das visitas guiadas ao Xardín Histórico.

Punto de encontro: na porta do Pazo-Museo.

Gratuítas. Duración estimada de 45 min.

Grupos: máximo de 20 persoas (as visitas seguirán sempre a normativa COVID vixente marcada polas autoridades competentes). Tres grupos á vez. Sen reserva previa.

* CONCERTO:

21:00 h: DOUS & GRUPO 1500 DE MÚSICA ANTIGUA. “SONORIDADES: músicas na encrucillada”

Adro de pedra do xardín dianteiro do Pazo de Castrelos.

O grupo **DOUS**, formado por Fernando Abreu aos clarinetes e Pablo Carrera nas guitarras, únese nesta ocasión ao grupo de música antiga **1500** para propoñer unha singular viaxe sonora na que se fusiona o repertorio medieval e renacentista coas músicas do mundo e do jazz en arranxos moi evocadores e pousados. Os dous grupos altermáanse facendo versións das mesmas pezas, algunhas conxuntamente e outras de cadanseu repertorio, ofrecendo un espectáculo moi vistoso e ameno, que foi presentado con gran aceptación no Culturgal do pasado ano.

Duración estimada: 60 minutos.

Entrada libre ata completar capacidade do espazo con cadeiras.

PINACOTECA “Francisco Fernández del Riego”

Rúa Abeleira Menéndez, 8

* Ampliación de horario de apertura.

Ampliación ata as 01:00 h. Visita libre ata completar aforo.



* EXPOSICIÓNS:

* **“DENTRO E FÓRA”. Un achegamento á representación do espazo na plástica galega contemporánea. Planta baixa e primeira.**

Esta mostra formula unha reflexión sobre a arquitectura e o espazo a través dunha escolma de obras procedentes das coleccións artísticas do Concello de Vigo. Na exposición, que recolle os traballos dun variado conxunto de artistas, os verdadeiros protagonistas son os elementos construídos en relación aos espazos que configuran e ás emocións que suscitan.

Unha viaxe debuxada na súa maior parte por mestres e mestras da pintura galega ao longo dos séculos XIX e XX, e representada mediante as paisaxes arquitectónicas da nosa terra xunto coa radiografía dos nosos fogares, facilmente recoñecibles, que non deixan indiferente ao espectador e que permiten apreciar e valorar as transformacións experimentadas ao longo do tempo.

* **“A NOVA COLECCIÓN COLMEIRO”. Planta terceira.**

O 17 de novembro de 2017 o Concello de Vigo recibiu dos herdeiros de Manuel Colmeiro un importante conxunto de obras deste pintor galego.

Formada por 21 óleos e 145 obras sobre papel, esta nova colección municipal só cabe valorarse como excepcional pola súa ampla cronoloxía; a variedade dos seus temas e técnicas; a gran calidade das obras, especialmente dos óleos pero tamén de series sobre papel como “Os desastres da Guerra”.

Manuel Colmeiro Guimarás (1901- 1999) está considerado un dos membros máis destacados do grupo de Os Novos, artistas galegos que, cara a década dos 30 do pasado século XX, renovaron á linguaxe artística de Galicia ao incorporarlle as revisións que a arte experimentaba en Europa desde finais do século XIX. Dentro de Os Novos, e posteriormente ao longo de toda a súa carreira, Manuel Colmeiro amosará unha personalidade única que, en permanente e coherente evolución artística, farano referencia imprescindible na historia da arte galega contemporánea.

* CONCERTO:

22:00 h.- SUSANNA BLANCO. Planta segunda

Clásica e contemporánea

Oportunidade para redescubrir a Bach en contraste con compositores da música clásica contemporánea e o minimalismo da man desta especialista que representa a máis alta calidade do chelo en Galicia.

Duración estimada: 40 min.

Entrada libre ata completar capacidade do espazo con cadeiras.



CASA DAS ARTES

Policarpo Sanz, 15

* Ampliación do horario de apertura

Ampliación ata as 01:00 h. Visita libre ata completar aforo.

* EXPOSICIÓNS:

* **EXPOSICIÓN “JAVIER TENIENTE. UNHA XEOGRAFÍA ATORMENTADA”.** *Planta baixa. 20:00 h.*

A exposición plantéxase como a gran mostra deste fotógrafo vigués que percorrerá en profundidade boa parte das series fotográficas que este autor realizou ao longo de máis de 25 anos de carreira fotográfica e que nunca se mostraron na súa totalidade. *Unha Xeografía Atormentada* abarca as diferentes temáticas realizadas en contornas de conflito interpretadas pola mirada particular deste autor. Trátase dunha revisión reflexiva sobre o traballo que levou a cabo durante tantos anos como fotógrafo independente en guerras e desastres naturais.

O conxunto desta mostra é o resultado dun proceso de selección entre miles de fotografías levado a cabo en colaboración entre Javier Teniente e o comisario Jorge Lens. A exposición propón unha lectura da obra de Javier Teniente que traspasa o concepto de documento informativo para fixarse especialmente na faceta máis humanista e comprometida do fotógrafo. A selección proposta, formada por 180 fotografías, non esconde algunhas imaxes explícitas pero pon o acento na esperanza do cambio e no futuro como escenario para a reconstrución das vidas humanas e da recuperación da natureza.

- Performance: "Xeografía dos corpos"

Pases de 20 minutos ás 20:30, 22:00 e 23:30 h

Aforo limitado con reserva previa

A bailarina galega Anxela Blanco, xunto co artista italiano Simone Romanò, propoñen unha viaxe sensorial en diálogo cas poderosas imaxes capturadas por Javier Teniente. Unha ocasión excepcional para ollar eses mundos a través destes dous corpos que amplifican ou resonan, mecendo os berros e os cantos que chegan de ultramar. Ese privilexiado telón de fondo acollerá a liturxia escénica, o museo como contedor das artes vivas -danza, circo ou manipulación de obxectos- para percorrer, non só esas xeografías atormentadas, senón aquelas outras paisaxes interiores que nos conforman. Bailando para recoñecer pero tamén na procura dun verán invencible, da forza vital que -aquí como alá- pulsa ferozmente por continuar.

* **“COLECCIÓN LUIS TORRAS”.** **EXPOSICIÓN PERMANENTE.** **Planta segunda.**

* **“FUNDACIÓN LAXEIRO”.** **Planta terceira**

- “EXPOSICIÓN PERMANENTE”

Visita guiada ás 21: 00 h e ás 23:00 horas.

Grupos de 10 persoas.



- **“EXPOSICIÓN TEMPORAL**: "Recordoleterlorintorel"

Con motivo do XXV aniversario do pasamento de Laxeiro, o Colectivo NEG (Nova Escultura Galega) propón un achegamento á figura de Laxeiro a partir dun texto do autor, pronunciado en 1978 na Galería Torques de Santiago de Compostela. A proposta, en forma de instalación sonora, realizada expresamente para a Fundación Laxeiro, reivindica a faceta de Laxeiro máis irreverente e provocadora, unha actitude que definiu a súa relación co sistema da arte durante toda a súa traxectoria.

CASA GALEGA DA CULTURA

Praza da Princesa, 2

* Ampliación do horario de apertura

Ampliación ata as 01:00 h. Visita libre ata completar aforo.

* EXPOSICIÓNS:

* **“IMPOSIBLE! VESTIDOS ESPECULATIVOS”**. Sala exposicións planta baixa.

Trátase dunha exposición que dá continuidade a un territorio de investigación que xa comezamos a explorar en «Especulacións utópicas. O corpo como lugar de interseccións entre arte e moda», unha exposición desenvolvida en colaboración coa Sala do Palacio Fonseca na Universidade de Santiago de Compostela en 2019. Retomamos o marco da investigación proposto xa nesa ocasión e que se articula ao redor do corpo como campo de xogo e de experimentación artística. Unha liña de traballo que atopamos subliñada no conxunto de obras que constitúen a mostra agora presentada e que, neste caso, flúe conceptualmente desde o entendemento do corpo atravesado por concepcións e por perspectivas extremas.

Conceptos como fogar, nomadismo, protección ou outredade ensámblanse no traballo dos e das artistas a través das pezas presentes nesta exposición, cunha sensibilidade que reflexiona sobre o corpo como provedor de identidades e de conformacións levadas ata o límite do imposible.

* **“MUSEO FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO”**. Exposición permanente.

VERBUM-Casa das Palabras

Avda. de Samil, 17

* Ampliación de horario de apertura

Ampliación ata as 01:00 h. Visita libre ata completar aforo.



* **EXPOSICIÓN PERMANENTE.**

* **“VERBUM CREATIVO”**: Concebido como un espazo de sensibilización, experimentación, divulgación e creación a partir das capacidades de artistas de distintas disciplinas, facendo partícipes e parte fundamental aos asistentes que pasan a ser parte dos diferentes procesos creativos.

Precisan inscrición previa. Para todos os públicos

* **Obradoiro de Lettering “Vigo inspira”**: Clase práctica onde coñecer diferentes caligrafías, técnicas, ferramentas e elementos ornamentais.

Artista: Mónica Martínez (deseñadora)

Horario: 20:00-21:15 h / 21:45-23:00 h / 23:30-24:30 h.

Aforo: 12 persoas por sesión

* **Obradoiro de Danza e Movemento**: Coñeceremos movementos de diferentes estilos para formar unha coreografía conxunta.

Artista: Olalla Cereijo (bailarina e coreógrafa)

Horario: 20:30-21:15 h / 21:45-22:30 h / 23:00-23:45 h.

Aforo: 15 persoas por sesión

* **Obradoiro de Voz e Coro**: Unha primeira parte onde explicar algunhas nocións teóricas sobre a voz e organizar as voces dos asistentes segundo o seu rexistro e a continuación pasan a cantar xuntos.

Artista: Sabela Cereijo (cantante e directora de coro)

Horario: 20:15-21:15 h / 21:45-22:45 h / 23:15-24:15 h.

Aforo: 15 persoas por sesión

* **Obradoiro de audio e música**: Farán unha peza sonora para os asistentes e explicarán algunhas das ferramentas que utilizan para que acto seguido as e os participantes de cada grupo fagan a súa versión.

Artistas: Charlee e Jesús Andrés (Colectivo Límites)

Horario: 20:00-20:30 h / 21:00-21:30 h / 22:00-22:30 h.

Aforo: 10 persoas por sesión

* **CONCERTOS:**

Azotea Verbum

22:00 h.- CARLA LOURDES

Pop

A cantautora do Bierzo presenta en formato trío o seu proxecto “Sin instrucciones” que rapidamente conecta co público pola realidade das súas letras e a personalidade das súas melodías.

Duración estimada de 45 min.

Entrada libre ata completar capacidade do espazo con cadeiras.



23:30 h.- RED DUCK BLUES

Blues

Os amantes do blues os califican como unha das máis emocionantes e enerxéticas formacións da península. Con aires porteños e da man do carismático e portentoso músico arxentino Frans Banfiel, visitan a Noite Branca, e o farán co luxo de ter coma invitado ao mestre do blues latinoamericano, Claudio Gabis.

Duración estimada de 45 min.

Entrada libre ata completar capacidade do espazo con cadeiras.

XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS

XACEMENTO ARQUEOLÓXICO O CASTRO DE VIGO: visitas guiadas ao xacemento.

Pases: 19:00 h e 20:00 h

20 prazas por cada pase. Precísase inscrición previa no 010 (nome, dni e teléfono).

* CONCERTO NA PROXIMIDADE: Mirador enriba do Monumento á Batalla de Rande. Parque do Castro.

21:00 h.- MAR DE FADO

Fado

O gosto e a paisón polo Fado cruza o “destino” destes catro músicos, co obxectivo de proporcionar momentos de misterio, nostalxia e encanto, lembrando grandes nomes e temas da alma portuguesa.

Duración estimada de 50 min.

Entrada libre ata completar capacidade do espazo con cadeiras.

CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO MUNDO ROMANO

Vila romana de Toralla.

Recreacións históricas do mundo romano.

Pases: 20:00 h, 21:00 h, 23:00 h e 00:00 h.

50 prazas por cada pase. Precísase inscrición previa no 010 (nome, dni e teléfono).

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Rúa do Príncipe, 54

* Ampliación do horario de apertura

Ampliación ata as 01:00 h. Visita libre ata completar aforo.



* EXPOSICIÓNS:

* **DIN MATAMORO**

A mirada acesa

Salas de exposición do 1º andar (salas frontais e Galería B3)

<http://www.marcovigo.com/content/din-matamoro-mirada-acesa>

Para a súa primeira exposición no MARCO, Din Matamoro (Vigo, 1958) toma como punto de partida unha célebre premisa de Kandinsky: “O branco é un silencio profundo, absoluto, cheo de posibilidades”. Esta mostra reúne unha selección da súa obra dos últimos anos, centrada no estudo da cor, acompañada doutras pezas de épocas anteriores que, como todo o traballo deste artista, implica un ensaio sobre a percepción, os seus mecanismos e emocións.

* **GLENDALÉON**

Música das formas

Salas de exposición do 1º andar (Galería B1 e sala perimetral)

<http://www.marcovigo.com/content/glenda-le-n-m-sica-das-formas>

Glenda León (A Habana, Cuba, 1976), que estudou ballet clásico, filoloxía e historia da arte na Habana, comezou a expoñer en 1999. A propia artista sinalaba nunha entrevista en 2013: “A música foi unha fonte de inspiración para min dende noviña. Por iso quixen ser coreógrafa durante moitos anos. Entón decateime de que o ingrediente principal destas ideas coreográficas da época era o visual”. Ese é o núcleo deste proxecto e da súa obra; a síntese entre os sons e o visual.

** VISITAS GUIADAS ÁS EXPOSICIÓNS

Lugar: salas de exposición da planta baixa e do 1º andar

Horario: ás 12:00, 18:00, 20:00, 21:00, 22:00 e 23:00

* **4 PROXECTOS**

Mónica Alonso, Rosendo Cid, Salvador e Juan Cidrás, Mar Vicente

Salas de exposición da planta baixa

<http://www.marcovigo.com/content/4-proxectos-m-nica-alonso-rosendo-cid-salvador-cidr-s-juan-cidr-s-mar-vicente>

A peculiaridade dos seus espazos é un dos sinais de identidade do MARCO, en especial os da súa planta baixa, na que se percibe a súa formulación arquitectónica como panóptico. Partindo desa singularidade, en 4 PROXECTOS pediuse a catro artistas que dialogasen con eses espazos, respectándoos, facéndoos maleables, potenciando as súas calidades, transformándoos.



* CONCERTOS NA PROXIMIDADE

* Terraza da Praza do Progreso

23:00 h: COSTA ESCURA + SILVIA PENAS

Experimental

Emocións sonoras e musicais que se inspiran na música experimental alemana dos 70s. Fusiona as vivencias musicais dos seus integrantes para conformar unha personalidade musical grupal. Participación especial da talentosa poeta Silvia Penas.

Duración estimada de 45 min.

Entrada libre ata completar capacidade do espazo con cadeiras.

* Rúa Londres, detrás do MARCO.

24:00 h: ELADIO & UKA

Pop Rock Indie

Eladio Santos e Uka repasan temas de todos os discos de "Eladio y los Seres Queridos" e tamén temas clásicos galegos, vigueses e universais de tódolos tempos que influíron nos seus discos.

Duración estimada de 50 min.

Entrada libre ata completar capacidade do espazo con cadeiras.

MUSEO LISTE-Etnográfico de Vigo

Rúa Pastora 22

* Ampliación horario de apertura.-

Ampliación ata as 01:00 h. Visita libre ata completar aforo.

* ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:

20:00 h. Pases guiados á exposición permanente e temporal "Ilustradas".

Duración pases: 60 minutos

Sen reserva, admisións ata completar aforo

22:00 h. "Polonio & Electra". Música e pintura feminista ad hoc.

Performance do músico e compositor Daniel Alonso e da artista plástica Gemma Marqués. Proxecto experimental multisensorial onde a pintura entrelázase coa música nun ambiente envolvente, máxico, hipnótico. Mediante un sampleador e diferentes instrumentos musicais, con sistema de loops vanse engadindo capas de sons e de pintura deixándose levar polo momento único e irrepetible.

Duración: 60 minutos

Sen reserva, admisións ata completar aforo.

A actividade realizarase no exterior, polo tanto suxeita á climatoloxía.

23:30 h. Visita guiada: "Transitar onte para camiñar hoxe"

Especial percorrido polas obras do proxecto (A) Pegadas na compañía das artistas participantes .



Duración pases: 50 minutos

Sen reserva, admisións ata completar aforo.

23:30 h. Pases especiais guiados: A sostibilidade na tradición

Percorrido guiado pola exposición permanente cun discurso no que analizar o uso responsable dos recursos na sociedade tradicional.

Duración pases: 60 min.

Sen reserva, admisións ata completar aforo.

MUSEO DO MAR DE GALICIA

Avda. Atlántida, 160 (Alcabre)

* Ampliación de horario de apertura

De 20:00 a 00:00 h.- Apertura de balde dos 2 edificios principais (acuario pechado).

* ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:

* **20:00 h: Concerto de Momboi.** Grupo noiés que fusiona pop, rock e folk.
De balde, con aforo limitado e requirirá reserva previa

* **20:30 h: Espectáculo familiar de Títeres Cachirulo. “Camiño de aventuras”.**
De balde, con aforo limitado e requirirá reserva previa

* Máis información: <http://museodomar.xunta.gal/es>; info.museodomar@xunta.gal
Tfno: 986-247750 de martes a domingo de 11:00 a 14:00 h.



***A NOITE BRANCA
DA REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS***

RESUMO DO PROGRAMA



EXPOSICIÓNS, VISITAS E ACTIVIDADES

PAZO-MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LEÓN”

Parque de Castrelos

Horario de apertura: de 20:00 a 01:00 h. Visita libre ata completar aforo.

- * **Colección arqueolóxica.**
- * **Recreación do pazo galego e colección de pintura antiga e artes decorativas.**
- * **Visita guiada aos xardíns históricos.** 20:00 h. Grupos en galego e castelán

PINACOTECA “Francisco Fernández del Riego”

Rúa Abeleira Menéndez, 8

Horario de apertura: de 20:00 a 01:00 h. Visita libre ata completar aforo.

- * **“DENTRO E FÓRA”. Un achegamento á representación do espazo na plástica galega contemporánea.** Plantas baixa e primeira.
- * **“A NOVA COLECCIÓN COLMEIRO”.** Planta terceira

CASA DAS ARTES

Policarpo Sanz, 15

Horario de apertura: de 20:00 a 01:00 h. Visita libre ata completar aforo.

- * **“JAVIER TENIENTE. UNHA XEOGRAFÍA ATORMENTADA”.** Planta baixa.
- **Performance: “Xeografía dos corpos”.** Ánxela Blanco e Simone Romanó
Pases de 20 minutos ás 20:30, 22:00 e 23:30 h. Aforo limitado con reserva previa
- * **“COLECCIÓN LUIS TORRAS”.** Exposición permanente. Planta segunda.
- * **“FUNDACIÓN LAXEIRO”.** Exposición permanente. Planta terceira
Visita guiada ás 21:00 h e ás 23:00 horas. Grupos de 10 persoas.
Exposición temporal: “Recordoleterlorintorel”

**CONCELLO
DE VIGO**



CASA GALEGA DA CULTURA

Praza da Princesa, 2

Horario de apertura: de 20:00 a 01:00 h. Visita libre ata completar aforo.

- * **“IMPOSIBLE! VESTIDOS ESPECULATIVOS”**. Sala exposicións planta baixa.
- * **“MUSEO FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO”**. Exposición permanente.

VERBUM-Casa das Palabras

Avda. de Samil, 17

Horario de apertura: de 20:00 a 01:00 h. Visita libre ata completar aforo.

- * **EXPOSICIÓN PERMANENTE.**

XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS

- * **XACEMENTO ARQUEOLÓXICO O CASTRO DE VIGO**: visitas guiadas ao xacemento. Pases: 19:00 h e 20:00 h. 20 prazas por cada pase. Precísase inscrición previa no 010
- * **CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO MUNDO ROMANO. Vila romana de Toralla.** Recreacións históricas do mundo romano. Pases: 20:00 h, 21:00 h, 23:00 hs e 00:00 h. 50 prazas por cada pase. Precísase inscrición previa no 010

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Rúa do Príncipe, 54

Horario de apertura: de 20:00 a 01:00 h. Visita libre ata completar aforo.

- * **DIN MATAMORO. A mirada acesa.** Salas de exposición do 1º andar (salas frontais e Galería B3)
- * **GLENDIA LEÓN. Música das formas.** Salas de exposición do 1º andar (Galería B1 e sala perimetral)
- **VISITAS GUIADAS:** ás 12:00, 18:00, 20:00, 21:00, 22:00 e 23:00h
- * **4 PROXECTOS. Mónica Alonso, Rosendo Cid, Salvador e Juan Cidrás, Mar Vicente.** Salas de exposición da planta baixa



MUSEO LISTE-Etnográfico de Vigo

Rúa Pastora 22

Horario de apertura: de 20:00 a 01:00 h. Visita libre ata completar aforo.

*** ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS**

(Sen reserva, admisións ata completar aforo)

20:00 h. Pases guiados á exposición permanente e temporal *“Ilustradas”*.

Duración pases: 60m

22:00 h. “Polonio & Electra”. Música e pintura feminista ad hoc. Duración: 60m

A actividade realizarase no exterior, polo tanto suxeita á climatoloxía.

23:30 h. Visita guiada: “Transitar onte para camiñar hoxe”. Duración pases: 50m

23:30 h. Pases especiais guiados: A sostibilidade na tradición Duración pases: 60m

MUSEO DO MAR DE GALICIA

Avda. Atlántida, 160 (Alcabre)

* Horario de apertura: de 20:00 a 00:00 h.- Apertura de balde dos 2 edificios principais (acuario pechado).

* **20:00 h: Concerto de Momboi**. De balde, con aforo limitado e reserva previa

* **20:30 h: Espectáculo familiar de Títeres Cachirulo. “Camiño de aventuras”**.

De balde, con aforo limitado e reserva previa



CONCERTOS MUSICAIS

**Entrada libre ata completar aforamento
dos espazos con cadeiras**

21:00 h.- MAR DE FADO. Mirador enriba do Monumento á Batalla de Rande. Parque do Castro.

21:00 h: DOUS & GRUPO 1500 DE MÚSICA ANTIGUA. “**SONORIDADES: músicas na encrucillada**”. Adro de pedra do xardín dianteiro do Pazo de Castrelos.

22:00 h.- SUSANNA BLANCO. Pinacoteca FFR (planta segunda). Clásica e contemporánea

22:00 h.- CARLA LOURDES. Terraza do Verbum. Pop.

23:00 h: COSTA ESCURA + SILVIA PENAS. Terraza da Praza do Progreso. Experimental

23:30 h.- RED DUCK BLUES. Terraza do Verbum. Blues

24:00 h: ELADIO & UKA. Rúa Londres, detrás do MARCO. Pop Rock Indie



VERBUM CREATIVO
Obradoiros para todos os públicos
Inscripción previa

* **Obradoiro de Lettering “Vigo inspira”:** Clase práctica onde coñecer diferentes caligrafías, técnicas, ferramentas e elementos ornamentais.

Artista: Mónica Martínez (deseñadora)

Pases: 20:00 h / 21:45 h / 23:30 h. Aforo: 12 persoas

* **Obradoiro de Danza e Movemento:** Coñeceremos movementos de diferentes estilos para formar unha coreografía conxunta.

Artista: Olalla Cereijo (bailarina e coreógrafa)

Pases: 20:30 / 21:45 h / 23:00 h. Aforo: 15 persoas

* **Obradoiro de Voz e Coro:** Unha primeira parte onde explicar algunhas nocións teóricas sobre a voz e organizar as voces dos asistentes segundo o seu rexistro e a continuación pasan a cantar xuntos.

Artista: Sabela Cereijo (cantante e directora de coro)

Horario: 20:15 h / 21:45 h / 23:15 h. Aforo: 15 persoas

* **Obradoiro de audio e música:** Farán unha peza sonora para os asistentes e explicarán algunhas das ferramentas que utilizan para que acto seguido as e os participantes de cada grupo fagan a súa versión.

Artistas: Charlee e Jesús Andrés (Colectivo Límites)

Horario: 20:00 h / 21:00 h / 22:00 h. Aforo: 10 persoas